

AVENTURA ENTRE PRIMOS

Oíramos falar moitas veces do castiñeiro centenario de Bembibre, así que un día meus primos, miña irmá e máis eu preparamos a merenda e comezamos a andaina cara Bembibre.

Cando chegamos alí, íamos cansos, famentos e sedentos, así que sentamos á sombra do castiñeiro e puxeémonos a merendar.

Mentres merendábamos miña irmá fixouse en que no tronco do castiñeiro había algo gravado. Todos nos levantamos de súpeto para ver que era, eu púxenme a ler e descubríñ que era unha especie de mapa, cuns debuxos que tivemos que descifrar. Recollimos a merenda coma raios e puxémonos mans á obra.

O primeiro debuxo, representaba un camiño á dereita do castiñeiro e o segundo debuxo parecía representar un pasadizo.

- Imos ver onde nos leva o camiño? - dixo meu primo.

- Siiii!!!!!!!!!!!! - dixemos todos a unha.

Así que botamos a andar por aquel longo camiño ata que chegamos ao pasadizo. Como na nosa mochila sempre ía unha lanterna, acendímolas e adentrámonos no pasadizo.

- Que é isto? - dixo meu primo.

- É un pasadizo. - dixenlle eu.

- Adentrámonos nel? - dixo miña irmá.

- Siiii!!!!!!!!!!!! - dixo meu outro primo.

De súpeto, detrás nosa oímos un forte ruído, volvimos para atrás pero xa non poidemos saír, posto que a entrada estaba tapiada por unha gran rocha.

- Que imos facer agora?- dixen.

Todos estábamos un pouco asustados, pero xa non quedaba outra, tiñamos que seguir cara adiante.

Pero o camiño non nos ía ser fácil... A metade das lanternas comezaron a faiar, tivemos que cruzar charcos nos que a auga nos daba polos xeonllos, meu primo caeu e fíxose

dano nun pé, polo que tivemos que ir turnándonos para levalo, cruzámonos con ratas que parecían gatos...

Íamos cheos de medo e frío e coa idea de que non sairíamos de alí...aquele sería o noso fin. Pero o noso semblante cambiou cando vimos un raio de luz; corrimos cara el e atopamos a saída.

QUE SORPRESA!!!! Estábamos no Toural.

Abrazámonos moi forte e cheos de ledicia.

E dende ese día, cada vez que nos xuntamos, sempre recordamos esta aventura.

FIN



AINARA PÉREZ BARBA